

PROPOSTA RESOLUCIÓN DEFINITIVA POLA QUE SE CONCEDEN AS AXUDAS DA S. A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO ÁS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO PARA O ANO 2017.

O 6 de novembro de 2017 DOG núm. 210, publicouse o anuncio do 27 de outubro de 2017 sobre a convocatoria de axudas a asociacións de amigos do Camiño de Santiago polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas da S.A de Xestión do Plan Xacobeo ás Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago e aquelas outras entidades que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación, co obxectivo de fomentar a estabilidade e consolidación destas, e se procede á súa convocatoria para este ano 2017.

As asociacións e entidades presentaron as solicitudes de axudas, dentro do prazo establecido.

A Base terceira, punto 1 das bases reguladoras establece como beneficiarios das axudas as Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, e outras entidades que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación, legalmente constituídas, e que teñan como obxecto principal o desenvolvemento de accións relacionadas co Camiño de Santiago e a peregrinación xacobeá. A Asociación "Asociación Galicia Milenio. Foro de Pensamento e Opinión", segundo o seu obxecto social principal non poderá obter a condición de beneficiaria de ditas axudas.

A base quinta, punto 9 das bases reguladoras sinala que, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, o defecto na solicitude seralles notificado aos/ás interesados/as e daráselles un prazo de dez días hábiles para enmendar os erros ou omisións. Aqueles solicitantes aos que se lle requiriu para que completaran o expediente, remitiron a documentación dentro do prazo establecido.

A base oitava, punto 7 das bases reguladoras establece que a proposta de resolución seralle notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes.

A base oitava, punto 8 das bases reguladoras sinala "Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na



resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.”

A base oitava punto 4 das bases reguladoras establece a mínima puntuación de 50 puntos para obter axuda.

Tendo en conta o exposto, e de acordo coa base Oitava, punto 5 das citadas bases,

PROPOÑO

Conceder as asociacións e entidades solicitantes que se relacionan, por orde decrecente de puntuación, no cadro que figura mais abaixo neste documento co epígrafe “**Procedemento PR990A 2017 – Axudas a asociacións de amigos do Camiño de Santiago**”, as subvencións que se indican, por un importe total de **68.070,28€**, resolvendo positivamente as súas solicitudes.

Asociación	NIF	Data pres.	N. Rexistro	EXP	Puntuación	Solicitado	Concedido
ASOC. DE AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO DE PALENCIA	G34036715	11/11/2017	2017/2775977	04/2017	50	4.194,27 €	2.097,14 €
FUNDACION ACOGIDA CRISTIANA EN LOS CAMINOS DE SANTIAGO	G70477450	29/11/2017	2017/1314304	12/2017	50	5.189,09 €	2.594,55 €
AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO DE BURGOS	G09079534	05/12/2017	2017/2993819	20/2017	50	6.000,00 €	3.000,00 €
ASOCIACIÓN DE COMUNICADORES DEL CAMINO DE SANTIAGO	G70386867	07/12/2017	2017/3008907	29/2017	50	5.887,00 €	2.943,50 €
ASOCIACIÓN "ABRINDO CAMIÑO" DO CAMIÑO NORTE DE SANTIAGO	G27320126	24/11/2017	2017/2903070	08/2017	51	4.000,00 €	2.040,00 €
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO DE LEÓN "PULCHRA LEONINA"	G24330243	30/11/2017	2017/2957642	13/2017	51	2.725,67 €	1.390,09 €
FUNDACIÓN RUTA XACOBÉA DO MAR DE AROUSA E ULLA	G15687932	04/12/2017	2017/2970816	16/2017	51	3.901,62 €	1.989,83 €
ASOCIACIÓN DE PERIODISTAS E ESTUDIADOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO (APECSA)	G15432123	07/12/2017	2017/3001904	26/2017	51	8.563,40 €	4.367,33 €
JAKOBSGEMEINSCHAFT TIROL	360437239	05/12/2017	2017/176863	23/2017	53	4.056,88 €	2.150,15 €
FED. ESP. DE ASOC. AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO	G26191866	08/11/2017	2017/2743200	02/2017	54	4.303,91 €	2.324,11 €
ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS CAMINO MOZÁRABE – VÍA PLATA OURENSE	G32247116	17/11/2017	2017/2839901	06/2017	59	6.434,43 €	3.796,31 €
ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO (AGACS)	G15415052	04/12/2017	2017/2984116	18/2017	59	26.981,00 €	15.000,00 €
BEIJING CAMINO INT'L CULTURAL EXCHANGE CENTER	91110105MA00EU54XQ	07/12/2017	233/RX 300225	22/2017	59	13.338,67 €	7.869,82 €
ASOCIACION DE AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO Y DE LA SANTA CRUZ	G16322836	07/12/2017	2017/3006509	27/2017	59	5.710,00 €	3.368,90 €
CANADIAN COMPANY OF PILGRIMS	901374-1	04/12/2017	2017/1455	17/2017	65	13.805,82 €	8.973,78 €
ASOCIACIÓN JACOBÉA DE ALMERIA CAMINO MOZÁRABE	G04789137	02/12/2017	2017/2969893	15/2017	66	3.925,77 €	2.591,01 €
ASOCIACIÓN AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO EN AVILA	G05193859	24/11/2017	2017/1294889	09/2017	77	2.043,84 €	1.573,76 €

Santiago, 18 de decembro de 2017



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO
galicia

S.A. de Xestión do Plan Xacobeo
Estrada Santiago-Noia, km 3
A Barcia, 15896, Santiago de Compostela

O Xefe da Area Cultura Xacobeo
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo

Francisco Singul Lorenzo

Vista a proposta formulada polo órgano instructor,

RESOLVO

Conceder ás Asociacións e Entidades solicitantes que se relacionan, por orde decrecente de puntuación, no cadro que figura mais abaixo neste documento co epígrafe “**Procedemento PR990A 2017 – Axudas a asociacións de amigos do Camiño de Santiago**”, as subvencións que se indican, por un importe total de **68.070,28€**, resolvendo positivamente as súas solicitudes.

Santiago, 18 de decembro de 2017

O Xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo

Rafael Sánchez Bargiela